



## **Colegio Oficial de Odontólogos y Estomatólogos de la XI Región (Pontevedra – Ourense)**

### **Sancións:**

- a) Para as faltas leves poderanse impoñe-las sancións de:
    - a.1. Amoestación verbal privada, que será imposta polo presidente.
    - a.2. Amoestación por escrito, que subscribirá o presidente.
    - a.3. Amoestación pola xunta directiva.
  - b) Ás faltas graves poderán aplicárselles como sancións as que seguen:
    - b.1. Amoestación pública ante a asemblea xeral.
    - b.2. Imposición de multa de 1.000 a 25.000 pesetas.
    - b.3. Amoestación pública e imposición de multa en igual cantidade.
    - b.4. A suspensión no exercicio profesional durante o prazo dun mes, e multa de 25.000 a 50.000 pesetas.
  - c) Ás faltas moi graves poderán impoñérselles algunhas destas penas:
    - c.1. Suspensión no exercicio profesional polo período dun mes e un día a seis meses, e multa de 50.000 a 100.000 pesetas.
    - c.2. Suspensión no exercicio profesional polo prazo da seis meses e un día a dous anos e multa de 100.000 a 200.000 pesetas.
    - c.3. Suspensión do exercicio profesional de dous anos e un día a cinco anos e multa de 200.000 a 500.000 pesetas.
    - c.4. Expulsión e baixa no Colexio.
  - d) A imposición das ditas sancións, salvo a c.4, levará aparellada a obriga de arranxar ou corrixi-los defectos ou irregularidades observadas, rectificalas situacións ou conductas improcedentes e executar, en definitiva, o acordo que adopte a xunta directiva como consecuencia dos feitos denunciados e comprobados no expediente.
- As penas serán determinadas dentro de cada categoría, en atención á gravidade do feito e á conducta do colexiado.